

D. JOSE MARIA BAÑOS CAMPO, SECRETARIO DO EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o día 5 de xuño do 2017, adoptou entre outros o seguinte acordo:

“5. CONTRATACIÓN E SERVIZOS

A)CONTRATACIÓN.

A4. ADXUDICACION DA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO POSTO Nº 2 E DECLARACIÓN DE DESERTO DO POSTO NÚM. 8 DA PRAZA DE ABASTOS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS (EXP. 009-CON17).

ANTECEDENTES,

1º.- Con data 13 de marzo 2017, pola Xunta de Goberno Local do Concello de Monforte de Lemos se prestó aprobación; o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (en diante, PCAP) regulador da concesión da Utilización Privativa do Posto núm. 2 e posto núm. 8 da Praza de Abastos do Concello de Monforte de Lemos; e á apertura do procedemento de adxudicación que é o aberto con varios criterios de adxudicación.

2º.- Con datas 13.03.2017 se publicou o no perfil do contratante municipal e no BOP,. nº 68 de 23.03.2017, o correspondente anuncio de licitación.

3º.- Rematado o prazo de presentación de proposicións e previa convocatoria da Mesa de Contratación constituída o efecto e publicación da mesma no perfil do contratante, con data 11.05.2017 procedeuse a apertura dos sobres 1, 2 e 3 das ofertas presentadas polos licitadores concorrentes.

1. *Apertura, en acto privado, dos **SOBRES nº 1 “DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA PREVIA”** dos licitadores concorrentes ao procedemento para a contratación do **PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA DA CONCESIÓN DEMANIAL PARA O USO PRIVATIVO DOS POSTOS Nº2 E 8 DA PRAZA DE ABASTOS DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.009-CONPA17).***

Polo Secretario da Mesa de Contratación dáse conta dos/as licitadores concorrentes ao procedemento co seguinte resultado:

Posto nº2.- D^a. Paz Ocampo Álvarez.

Posto nº8.- Ninguén.

Acto seguido procédese á apertura do sobre nº 2 da única licitadora presentada e obsérvase que a documentación achegada se axusta no seu contido ao esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares reitor da concesión.

*Por canto antecede, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda admitir á licitación a D^o. Paz Ocampo Álvarez polo que ao posto nº 2 se refire, e **declarar deserto** o procedemento para a concesión da explotación do posto nº 8 ante a ausencia de licitadores a este.*

Polo tanto, continúaase o procedemento para a explotación do posto nº2 pasando ao estudo e debate do segundo punto da orde do día.-

- 2. De resultar procedente, apertura en acto público dos SOBRES nº2 "MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTIVIDADE A DESENVOLVER" dos licitadores concorrentes ao procedemento para a contratación do **PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA DA CONCESIÓN DEMANIAL PARA O USO PRIVATIVO DOS POSTOS Nº2 E 8 DA PRAZA DE ABASTOS DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.009-CONPA17).****

Polo Secretario da Mesa procédese á apertura do sobre nº 2 da única licitadora concorrente e acto seguido a Mesa de Contratación procede á avaliación do seu contido resultando o seguinte.

A Memoria presentada conta con tres partes claramente diferenciadas que se corresponden cos tres apartados susceptibles de valoración segundo o disposto na cláusula 13 do PCAP.

Respecto do primeiro deles "Descrición das actividades de venda que se pretendan desenvolver" compróbase que a actividade do posto estará dedicada a chacinaría e que na actualidade non existe ningún posto na Praza que oferte estes produtos. Fala, así mesmo, de que principalmente se ofrecerán produtos galegos de máxima calidade (locais ou de proximidade) con especial fincapé na potenciación das denominacións de orixe protexida galegas.

Por canto antecede, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda outorgarlle a máxima puntuación neste apartado de 20 puntos.

En canto ao segundo dos criterios "Proposta de investimentos relacionadas coa actividade", precisa que realizara os seguintes investimentos que aparecen cuantificadas economicamente.- cortadora de friame; báscula que permite a impresión de etiquetas; coitelos e portarrolos; estantes de parede; e colgadoiros de xamón.

Neste senso e ante a ausencia da documentación descritiva do material citado no parágrafo anterior que permita unha avaliación máis precisa, a Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda outorgarlle 10 puntos neste apartado.

No referente ao último dos apartados "Declaración do número de persoas que se dedicarán ao exercicio da actividade", limitáase a sinalar que o posto de venda será atendido por unha soa persoa polo que a Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, outorgarlle 3 puntos no presente apartado.

Por conseguinte, realizada a valoración da Memoria de explotación da actividade a puntuación obtida pola licitadora polo que ao sobre 2 se refire, ascende ao total de 33 puntos.

De seguido procédese ao estudo e debate do terceiro punto da orde do día.-

3. *De resultar procedente, apertura en acto público dos **SOBRES nº 3. "PROPOSICIÓN ECONÓMICA"** dos licitadores concorrentes ao procedemento para a contratación do **PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA DA CONCESIÓN DEMANIAL PARA O USO PRIVATIVO DOS POSTOS Nº2 E 8 DA PRAZA DE ABASTOS DE MONFORTE DE LEMOS (EXP.009-CONPA17).***

O Secretario da Mesa realiza a apertura do sobre nº3 da licitadora cuxo contido é o seguinte.-

Canon anual ofertado: 600 €.-/anuais.

*Visto o PCAP, a unanimidade dos membros da Mesa de Contratación acordan outorgarlle **60 puntos** á oferta achegada pola licitadora.*

En consideración ao exposto, a Mesa de Contratación procede a clasificación da única oferta achegada resultando o seguinte.-

<i>Licitadora</i>	<i>Sobre nº2 "Memoria"</i>	<i>Sobre nº3 "Canon"</i>	<i>Total</i>
<i>Dª Paz Ocampo Álvarez</i>	<i>33 puntos</i>	<i>60 puntos</i>	<i>93 puntos</i>

Polo que antecede, a Mesa de Contratación, pola unanimidade dos seus membros, acordan propoñer ao Órgano de Contratación como adxudicataria da concesión demanial para o uso privativo do posto nº 2 da Praza de Abastos a Dª. Paz Ocampo Álvarez por ser a súa oferta a economicamente máis vantaxosa das achegadas segundo os criterios de adxudicación recollidos no prego e todo isto, despois do requirimento da documentación á que se refire a cláusula 17ª do amentado prego."

5º.- *Transcorrido o prazo legalmente establecido do requirimento de documentación de conformidade coa cláusula 17ª do prego de cláusulas administrativas reitor da contratación Dª Paz Ocampo Alvarez presenta documentación requerida.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS,

Polos feitos anteriormente expostos, de acordo co establecido no artigo 151 do TRLCSP e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación.

Polo que antecede, a Xunta de Goberno Local, adopta por unanimidade o seguinte:

ACORDO.-

Primeiro.- Adjudicar a utilización privativa a medio de concesión do Posto nº 2 da Praza de Abastos do Concello de Monforte de Lemos a D.Paz Ocampo Alvarez con DNI núm.: 34275138D, por ser a súa oferta a económicamente máis vantaxosa segundo os criterios de adjudicación que se recollen no prego de cláusulas administrativas particulares, quen se obriga á explotación da concesión por un canón de 600.-€/anuais (IVE exento),

Segundo.- A formalización da concesión deberá efectuarse no máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que sexa recibida a presente notificación de adjudicación de conformidade co previsto nos artigos 151.4 e 156 do TRLCSP.

Terceiro.- Declarar deserto o posto núm. 8 da Praza de Abastos por ausencia de licitadores ao mesmo.

Cuarto.- Publicar a presente adjudicación no Perfil do Contratante do Concello de Monforte de Lemos, cuxa dirección é www.concellodemonforte.es, e notificalo aos licitadores o domicilio indicado polos mesmos. “

E para que así conste e coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, expido e asino a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, en Monforte de Lemos, a cinco de xuño de dous mil dezasete.

Vº e Pce.

O ALCALDE

